



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 27 de abril de 2011 á vista da solicitude formulada pola Comisión de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, **considera pertinente**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

OXEPA

na indicación de pacientes adultos críticos con síndrome de distres respiratorio agudo **e sepsis grave sometidos a ventilación mecánica**, segundo o seguinte protocolo:

1. Indicacións:

Pacientes adultos críticos con síndrome de distrés respiratorio agudo e sepsis grave, sometidos a ventilación mecánica.

2. Criterios de utilización:

Pacientes adultos ingresados en unidades de críticos (UCI, REA y RECU-CARDIACA) con criterios de síndrome de distrés respiratorio agudo e sepsis grave, sometidos a ventilación mecánica.

3. Pauta de administración:

Inicio a 20 ml/h durante as primeiras 8 h e progresión en 24-72 h ata requirimentos enerxéticos do paciente.

Pauta habitual: Harris-Benedict x 1,3 Vel: 40-60 ml/h; Vol: 960-1440 ml; Kcal: 1440-2160

4. Dispensación:

Para a dispensación de oxepa solicitaranse datos do paciente (orden de dispensación/pegatina do paciente)

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2011

A PRESIDENTA DA COMISIÓN AUTONÓMICA CENTRAL DE FARMACIA E TERAPÉUTICA

M^a Nieves Domínguez González

COMISIÓNS DE FARMACIA E TERAPÉUTICA DOS CENTROS HOSPITALARIOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE